



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 21 DE AGOSTO DE 2026

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

Mª JOSÉ PERNAS DÍAZ

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ:

LUCÍA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia o Concelleiro:

ISMAEL DURÁN BEREJO

SECRETARIO:

NEDAL PABLO SHEHADEH REY

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:46 horas do día 21 de agosto de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario o titular da Corporación, don Nedal Pablo Shehadeh Rey, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 07.08.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 07.08.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA REPARACIÓN DA CUBERTA EN

NOME DE

EXPEDIENTE 2026/U022/000007

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.08.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 21.08.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente:

2026/U022/000007

Asunto:

Reparación da cuberta



Interesado/a:

Situación:

Referencia catastral:

Procedemento: Licenza de edificación

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

Documento	Data	Observacións
Solicitud de licenza de edificación	27.04.2026	Rexistro 202699900000872
Orzamento de Construref Ames, S.L.	20.01.2026	PEM: 12.000,00 €
Reportaxe fotográfica	—	Tres fotografías do estado da cuberta
Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	14.04.2026	Expediente XTC-2026-0228.AUI

Informes municipais

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	04.08.2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	12.08.2026

Afeccións sectoriais

Organismo	Afección	Documento	Consta	Observacións
Patrimonio Cultural	Contorno de protección do ben catalogado con protección integral.	Resolución XTC-2026-0228.AUI	Si	Autoriza expresamente as obras solicitadas.

CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial en núcleo antigo
Clasificación do solo LSG	Solo urbano



Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza URNA
Finalidade da actuación	Conservación e mantemento. Reparación total da cuberta da vivenda. Retirada da tella en mal estado; colocación de placa de fibrocemento non visible; reposición con tella curva do país de cor vermella; impermeabilización e remates; peche dunha das cinco ventás inclinadas existentes.
Uso ó que se destinará	Vivenda. Mantense o uso existente.
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos..
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazo máximo de interrupción das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Prórrogas	E posible solicitalas
Orzamento de execución material	12.000,00 €.
Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos:	Os existentes

Condicións particulares:

Autorizacións / informes sectoriais	As obras deberán executarse conforme ao contido das autorizacións, informes e condicións sectoriais incorporadas ao expediente.
Outras condicións	A placa de fibrocemento e as restantes capas intermedias non poderán quedar visibles. O acabado exterior será de tella curva do país de cor vermella e os remates resolveranse de forma compatible coa cuberta tradicional.
Outras condicións	A licenza comprende o peche dunha única ventá inclinada, mantendo as catro restantes. Non se autorizan novos ocos nin modificacións da xeometría, pendente, altura ou volume da cuberta.
Outras condicións	Non se autoriza a modificación nin a substitución da estrutura resistente. Se durante as obras se detecta a necesidade de actuar sobre ela, deberán paralizarse os traballos afectados e achegarse previamente a documentación técnica e as autorizacións que procedan.



Modificacións	Calquera modificación da solución autorizada deberá ser sometida previamente ao Concello e, cando proceda, ao órgano competente en materia de patrimonio cultural.
Xestión de residuos	Os residuos de construción e demolición xestionaranse conforme á normativa aplicable e adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para a execución dos traballos.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

2. As obras executaranse de acordo coa documentación contida no expediente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

3. Que se dilixencie a documentación obxecto de licenza.
4. Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
5. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERÍODOS 2022, 2023, 2024 E 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000253

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13.08.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERÍODOS 2022, 2023, 2024 E 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000253.

Solicitude: 202690000001087

Data: 28/07/2026

Solicitante: DEPUTACIÓN DA CORUÑA

S/EXPTE GESTIÓN: 99740000033007



ANTECEDENTES

Datos ben inmueble:

Enderezo: Lg.

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000646684

Exercicios: 2022, 2023, 2024 e 2025

Primeiro. Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña – 3518-Servizo Central de Recadación – Recursos, en data 28/07/2026 e nº de rexistro de entrada 202690000001087, de informe, se á vista das alegacións e da documentación presentadas, as liquidacións que se refiren son correctas ou ben procede a súa anulación.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación dos recibos do exercicio do 2022, 2023, 2024 e 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación



Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos correctos de titularidade do ben inmovible para os exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025, segundo o Catastro, é o seguinte:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DEREITO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación e baixa en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000646684	20223515022RL01R004499					2022
253000646684	20233515022RL01R000241					2023
253000646684	20243515022RL01R004722					2024



253000646684	20253515022RL01R004820		2025
--------------	------------------------	--	------

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000646684	20223515022RL01R004499					2022
253000646684	20233515022RL01R000241					2023
253000646684	20243515022RL01R004722					2024
253000646684	20253515022RL01R004820					2025

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida do lixo correspondente aos exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026/A004/000002

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.08.2026, que literalmente di:



“Expediente: 2026/A004/000002

Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA PARA O ANO 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Resultando que no “ANEXO DE RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS” que acompaña ao Orzamento Municipal para o ano 2026, na aplicación orzamentaria 334.489.00, figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €), sendo a beneficiaria a entidade “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719 e coa finalidade de contribuir a *“O financiamento por parte do Concello de Cedeira para gastos de funcionamento da Asociación Ecuestre A Crina, e en particular as seguintes actividades:*

- Rutas a cabalo
- Organización de probas e concursos hípicas
- Potenciar o turismo ligado ao mundo do cabalo na Serra da Capelada.”

Vista a solicitude de subvención formulada por don Rodrigo Luaces Méndez, con DNI _____ en calidade de representante da “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719 no que solicita subvención para contribuír ao financiamento das actividades durante o ano 2026.

Vista a memoria xustificativa da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade da “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719, asinada polo Alcalde do Concello de Cedeira, en data de 12.08.2026.

Vista a proposta de borrador do Convenio Regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719, asinada polo Alcalde do Concello de Cedeira, en data de 11.08.2026, e no cal se prevé una aportación de TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €), sendo a beneficiaria a entidade “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719 e coa finalidade de contribuir a *“O financiamento por parte do Concello de Cedeira para gastos de funcionamento da Asociación Ecuestre A Crina, e en particular as seguintes actividades:*

- Rutas a cabalo
- Organización de probas e concursos hípicas
- Potenciar o turismo ligado ao mundo do cabalo na Serra da Capelada.”

Resultando que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL), o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ostentando en todo caso as competencias en materia de promoción cultural (artigo 25.2 m da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL).

Resultando que de conformidade co artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que dispón: *“Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

- a) *As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*



A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que ao menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”; e co artigo 28.1 da citada lei: “Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos”; e co Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, artigo 65: “Procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos.”.

Resultando que con data de 12.08.2026, emítese informe de fiscalización favorable de intervención á aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719.

Atendido o certificado de existencia de crédito suficiente e necesario para financiar o gasto e ao disposto na base 30 e no anexo das bases de execución do orzamento para o exercicio 2026.

Resultando que o Concello de Cedeira conta cun Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2026, aprobado en data de 26.03.2026, no que figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €), sendo a beneficiaria a entidade “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719

Resultando que, con respecto ao órgano competente para a concesión de subvencións, é a Xunta de Goberno Local, tal e como se establece no Decreto de Alcaldía nº 345/2023, de data de 10.07.2023 que no seu punto terceiro: “A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións: 9) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración.”; e que na base 30, do Título II, das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2026, establécese a concesión e pagamento das subvencións.

En base ao anterior, esta Alcaldía, **PROPOÑE** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719, nos termos en que figura no expediente, co seguinte texto:

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA

En Cedeira, a **** de 2026

REUNENSE



Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretario da Corporación, Nedal Pablo Shehadeh Rey, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Rodrigo Luaces Méndez, provisto de D. N. I. Núm. . na súa condición de Presidente da Asociación Equestre A Crina con C. I. F. G-15936719 e domicilio social na rúa Valdoviño, nº 1, 2º D, en Cedeira (A Coruña).

Ambas as dúas parte recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A Asociación Equestre A Crina, dedícase, entre outras, a promover actividades relacionadas co mundo do cabalo, rutas, concursos hípicas, unido a potenciar o turismo na zona da Capelada.

2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da Asociación Equestre A Crina, dentro das súas competencias no eido da promoción da cultura e da actividade turística de interese e ámbito local.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data ***** de 2026 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Equestre A Crina, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio a colaboración por parte do Concello de Cedeira aos gastos de funcionamento da Asociación Equestre A Crina precisos para o seu funcionamento, e en particular as seguintes actividades:

- Rutas a cabalo
- Organización de probas e concursos hípicas
- Potenciar o turismo ligado ao mundo do cabalo na Serra da Capelada

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha subvención nominativa de 3.500 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334.48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2026, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola Asociación Equestre A Crina.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade beneficiaria.

A entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poda realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

1. C. I. F. da entidade
2. Certificado da Secretaría da composición da Xunta Directiva e da capacidade da Presidencia para firmar o convenio.
3. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
4. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2026, referidos ás actividades subvencionadas.
5. Declaración responsable asinada pola Secretaría da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de entidade beneficiaria, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados acreditativos ou autorizando a súa comprobación polo Concello; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio.
6. Declaración do secretario da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.
7. Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.



No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asociación Ecuestre A Crina incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Aluguer de toldos e carpas
- Seguros de responsabilidade civil e de accidentes
- Cartelería
- Asistencia veterinaria
- Material e equipamento
- Trofeos

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificativos e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día 31 de xaneiro de 2027 a seguinte documentación:

1. Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.
2. Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.
4. Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.
 - A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
 - A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o perceptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

5. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.
7. Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.
8. Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen precedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2026.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2026.



DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- a) A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- b) Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a Asociación Ecuestre A Crina.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado, a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

Pola Asociación Ecuestre A Crina

O Presidente
Rodrigo Luaces Méndez

O SECRETARIO

Nedal Pablo Shehadeh Rey

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, para a sinatura do convenio regulador de referencia.

TERCEIRO.- Conceder á entidade “ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA DE CEDEIRA”, con CIF G15936719, representada por don Rodrigo Luaces Méndez, con DNI , unha subvención por importe máximo de TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €), na aplicación orzamentaria 334.489.00 do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2026, tendo en conta o interese público que a mesma supón e coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento da asociación.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á entidade interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ANPA O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA PARA O ANO 2026.
EXPEDIENTE: 2026/A005/000002

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.08.2026, que literalmente di:

“**Expediente: 2026/A005/000002**



Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ANPA O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA PARA O ANO 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Resultando que no “ANEXO DE RELACION NOMINAL DE SUBVENCIONS” que acompaña ao Orzamento Municipal para o ano 2026, na aplicación orzamentaria 324.489.00, figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), sendo a beneficiaria a entidade “Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as "O Beco" do IES Punta Candieira”, con CIF G15376692 e coa finalidade de contribuir a *“O financiamento por parte do Concello de Cedeira dos gastos de funcionamento da ANPA e das actividades que organice ou colabore.”*

Vista a solicitude de subvención formulada por dona Rosa López Barcia, con DNI en calidade de presidenta da “ASOCIACIÓN ANPA O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA”, con CIF G15376692, presenta escrito en data de 01.07.2026 (nº de asento no rexistro de entrada de documentos do concello: 202699900001532), no que solicita subvención para contribuír ao financiamento das actividades durante o ano 2026.

Vista a memoria xustificativa da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade da “Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as "O Beco" do IES Punta Candieira” con CIF G15376692, asinada polo Alcalde do Concello de Cedeira, en data de 07.07.2026.

Vista a proposta de borrador do Convenio Regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as "O Beco" do IES Punta Candieira” con CIF G15376692, asinada polo Alcalde do Concello de Cedeira, en data de 07.07.2026, e no cal se prevé una aportación de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), sendo a beneficiaria a entidade “Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as "O Beco" do IES Punta Candieira”, con CIF G15376692 e coa finalidade de contribuir a *“O financiamento por parte do Concello de Cedeira dos gastos de funcionamento da ANPA e das actividades que organice ou colabore.”*

Resultando que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL), o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ostentando en todo caso as competencias en materia de promoción cultural (artigo 25.2 m da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL).

Resultando que de conformidade co artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que dispón: *“Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:*

a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que ao menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.



b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”; e co artigo 28.1 da citada lei: “Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos”; e co Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, artigo 65: “Procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos.”.

Resultando que con data de 10.08.2026, emítese informe de fiscalización favorable de intervención á aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as "O Beco" do IES Punta Candieira” con CIF G15376692.

Atendido o certificado de existencia de crédito suficiente e necesario para financiar o gasto e ao disposto na base 30 e no anexo das bases de execución do orzamento para o exercicio 2026.

Resultando que o Concello de Cedeira conta cun Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2026, aprobado en data de 26.03.2026, no que figura unha subvención nominativa por unha contía que ascende a DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), sendo a beneficiaria a entidade “Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as "O Beco" do IES Punta Candieira”, con CIF G15376692.

Resultando que, con respecto ao órgano competente para a concesión de subvencións, é a Xunta de Goberno Local, tal e como se establece no Decreto de Alcaldía nº 345/2023, de data de 10.07.2023 que no seu punto terceiro: “A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións: 9) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración.”; e que na base 30, do Título II, das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2026, establécese a concesión e pagamento das subvencións.

En base ao anterior, esta Alcaldía, **PROPOÑE** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Cedeira e a entidade “Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as "O Beco" do IES Punta Candieira”, con CIF G15376692, nos termos en que figura no expediente, co seguinte texto:

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA

En Cedeira, a **** de 2026

REUNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaria da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Rosa López Barcia provisto de D. N. I. Núm. na súa condición de Presidenta da Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira con C. I. F. G15376692 e domicilio social en Rúa do Ensino s/n, Cedeira.



Ambas as dúas parte recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

- 1.- A Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira, en adiante ANPA, dedícase, entre outras, a promover actividades e cursos de formación que se desenvolven no centro de ensino sinalado.
 - 2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da ANPA, dentro das competencias municipais de promoción da ocupación do tempo de lecer, promoción da cultura i equipamentos culturais, promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións.
 - 3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data ***** de 2026 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a ANPA, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.
- Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira dos gastos de funcionamento da ANPA O Beco, e en particular as seguintes actividades:

- Cursos de formación co obxectivo de integrar no mundo laboral aos seus participantes.
- Servizo de préstamo de libros
- Participación en proxectos educativos coorganizados co IES Punta Candieira.
- Actividades destinadas a promoción da cultura e deporte na xuventude (cursiños, concertos, concursos, exposicións, ...)
- Programas destinados a promoción da saúde física e mental na xuventude
- Gastos de material de oficina, xestoría, incluídos os de seguros sociais que teña contratado a asociación para o desenvolvemento das actividades propias do seu obxecto social.

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio unha subvención económica cunha achega de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 324 48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2026, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola ANPA O Beco.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade beneficiaria.

A entidade virá obrigada ao seguinte

- Organizar ou coorganizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poda realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

1. C. I. F. da entidade
2. Certificado da Secretaría da composición da Xunta Directiva e da capacidade da Presidencia para firmar o convenio.
3. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
4. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2026, referidos ás actividades subvencionadas.



5. Declaración responsable asinada pola Secretaría da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición da entidade beneficiaria, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados acreditativos ou autorizando a súa comprobación polo Concello; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio
6. Declaración da Secretaría da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.
7. Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.
No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da ANPA incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Gastos do persoal e empresas das actividades obxecto do convenio
- Gastos de administración (xestión)
- Material didáctico ou de oficina
- Gastos de desprazamento e material funxible para realización de actividades e a elaboración dos produtos requiridos no desenvolvemento de ditas actividades.
- Seguros de responsabilidade civil

Os gastos de persoal serán subvencionables sempre que se xustifique, aínda que sexa mediante declaración xurada, que as contratacións de persoal non se realizan con persoal ou entidade vinculada coa ANPA, entendendo como tal, o recollido no artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O persoal contratado deberá aportar Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, se procede segundo o disposto no artigo 13.5 da Lei 26/2015.

En ningún caso serán subvencionables os importes de agasallos e atencións protocolarias de similar natureza, que de selo caso serán asumidas por ingresos propios da ANPA.

Non son obxecto desta subvención os investimentos, entendendo como tales os gastos de natureza inventariable; tendo esa consideración os bens inmoables, móbiles e outros susceptibles de inventario i, en todo caso, aqueles cun importe unitario superior a 100 €.

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificandos e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2027** a seguinte documentación:

1. Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.
2. Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.



4. Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.
 - A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
 - A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o perceptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100.00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

5. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.
7. Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.
8. Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen procedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2026.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a ANPA.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado, a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

Pola ANPA



O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

A Presidenta
Rosa López Barcia

O SECRETARIO

Nedal Pablo Shehadeh Rey

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, para a sinatura do convenio regulador de referencia.

TERCEIRO.- Conceder á entidade “Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as "O Beco" do IES Punta Candieira”, con CIF G15376692, representada por dona Rosa López Barcia, con DNI unha subvención por importe máximo de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €) na aplicación orzamentaria 324.489.00 do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2026, tendo en conta o interese público que a mesma supón e coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento da asociación.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á entidade interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 465/2026 DE DATA 05.08.2026 DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DOS XOGOS POPULARES 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 465/2026 de data 05.08.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DOS XOGOS POPULARES 2026

Conforme ao previsto no artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o municipio ten competencia en materia de promoción do deporte e ocupación do tempo de lecer.

En base ao anterior e no marco das festas patronais da Vila de Cedeira, o Concello considera de interese a organización dos Xogos Populares 2026.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2026 figura una asignación para premios de deportes na partida 338.480.00, o Concello como organizador dos xogos asumirá o reparto e pago dos premios, por un importe total de 1.000,00 euros.

Consta documento de retención de crédito (RC) número 220260007661.

A competencia para a aprobación da convocatoria e das súas bases correspóndelle a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, mediante a resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo de 2023.



Ante a necesidade de aprobar a convocatoria e as bases dos Xogos Populares 2026 con carácter previo á realización dos mesmos, previstos para o día 13 de agosto de 2026, compre avocar a competencia.

Conforme as atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de data 10 de xullo de 2023, por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto para a convocatoria dos “XOGOS POPULARES 2026” por un total de 1.000,00 euros na partida 338.480.00.

TERCEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria, que se incorporan como anexo da presente resolución.

CUARTO.- Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da presente resolución na primeira sesión que se celebre.

ANEXO I

BASES XOGOS POPULARES 2026

No marco das festas patronais da Vila de Cedeira o Concello organiza os Xogos Populares 2026, que se desenvolverán e premiarán conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Os Xogos Terán lugar o día 13 de agosto no Paseo da Mariña a partir das 17:30 horas. Poderán participar todas as persoas maiores de 14 anos que se atopen inscritos correctamente.

SEGUNDA. A inscrición realizarase de balde, dende una hora antes do comezo dos xogos, será necesario mostrar o DNI ou documento que o substitúa de cada participante. No caso dos menores de idade, terao que presentar o seu titor/a legal, cumprimentando o modelo de autorización paterna (ANEXO II).

TERCEIRA. A relación de xogos a celebrar e a seguinte:

Denominación do xogo	Composición dos equipos
TIRADA DE CORDA	MIXTOS 5 PARTICIPANTES
CARREIRA DE OVOS	MIXTOS 3 PARTICIPANTES
CARREIRA DE SACOS	MIXTOS 3 PARTICIPANTES
REGATA DE CHALANAS	2 PARTICIPANTES
CUCANÁ MARÍÑA	INDIVIDUAL
CARREIRA DE BÉBEDOS	MIXTOS 5 PARTICIPANTES

CUARTA. Os xogos rexeranse polas súas regras tradicionais de común coñecemento. O xurado as explicará aos participantes antes de que comece o xogo. En caso de discrepancia na aplicación das mencionadas regras prevalecerá o criterio das persoas que constitúen o xurado. A decisión dos/as xuíces será inapelable.



QUINTA. A composición do xurado é a que segue:

Presidente: Noel López López

Secretaria: Carmela Prieto Cal

Vogais: Roberto Pérez Timiraos e María Hermida Díaz

SEXTA. O xurado estenderá una acta na que se recollerán os equipos gañadores, e o representante que os mesmos determinen ao efecto do cobro do premio. A Acta elevarase a Alcaldía que adoptará a resolución dispoñendo o pago dos premios correspondentes.

SÉTIMA. A contía do premio para cada un dos xogos será a seguinte:

TIRADA DE CORDA 250,00 euros

CARREIRA DE OVOS 150,00 euros

CARREIRA DE SACOS 150 euros

REGATA EN CHALANA 100,00 euros

CARREIRA DE BÉBEDOS 250,00 euros

CUCAÑA MARIÑA 100,00 euros

Resultando un importe total de 1.000,00 euros que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 338.480.00 do Orzamento municipal para o ano 2026.

OITAVA. Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do premio no Rexistro do Concello, cunha solicitude xeral e aportando un certificado dun número de conta onde figure como titular a persoa que recibiu o premio, deberán achegar tamén unha copia do seu DNI. No caso de que as/os premiadas/os sexan menores de idade, será o pai, nai ou titor legal do representante do equipo que deberá aportar o certificado de IBAN e copia do DNI.

A data límite para solicitar o pago do premio será o 30 de setembro de 2026. Transcorrido este prazo se entenderá que desisten da súa solicitude.

NOVENA. Os premios están suxeitos a retención por IRPF, segundo a normativa vixente.

DÉCIMA. A participación nos xogos populares supón a total e plena aceptación destas bases.

ANEXO II

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES DE IDADE

(A CUMPRIMENTAR POLO PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL DOS/AS MENORES DE 18 ANOS)

D./D^a _____, con DNI/pasaporte en vigor número _____, na miña condición de pai/nai/titor/titora legal de D./D^a _____, con DNI/pasaporte en vigor número _____, pola presente AUTORIZO ao meu/miña fillo/filla/tutelado/tutelada a participar na proba de _____ dos Xogos Populares 2026, baixo a miña responsabilidade, e por tanto, eximo ao Concello de Cedeira e aos responsables encargados das probas da responsabilidade sobre todo tipo de lesións ocasionadas pola participación nesta proba.

En _____, a _____ de _____ de 2026



Fdo:

Adxunto copia do meu DNI/pasaporte en vigor.

NOTA IMPORTANTE: Durante a proba poderán realizarse fotografías ás persoas participantes, que serán utilizadas para a promoción dos Xogos Populares polo Concello de Cedeira e que aparecerán na súa web e redes sociais. Ao inscribirse nas probas, as persoas participantes aos organizadores a reproducir estas fotos.

AUTORIZA: SI ☐ NON ☐ „

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 478/2026 DE DATA 11.08.2026 DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO XII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 478/2026 de data 11.08.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO XII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA

Conforme ao previsto no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, o municipio ten competencia en materia de promoción da cultura.

En base ao anterior, o Concello considera de interese a convocatoria do XII Certame de Pintura Rápida o Ar Libre Vila de Cedeira.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2026 figura unha partida para premios de cultura na partida 338.480.00, establécense nas Bases do presente Certame premios por un importe total de 2.500 euros.

Consta documento de retención de crédito (RC) nº 220260007777.

A competencia para a aprobación da convocatoria e das súas bases correspóndelle á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, decreto 345/2023, de data 10.07.2023.

Ante a necesidade de aprobar a convocatoria e as bases do XII Certame de Pintura Rápida o Ar Libre Vila de Cedeira con carácter previo á realización do mesmo, previsto para o día 30.08.2026, compre avocar a competencia.

Conforme as atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**



PRIMEIRO.- Avocar a competencia para aprobar a convocatoria e as bases do XII Certame de Pintura Rápida o Ar Libre Vila de Cedeira.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto para a convocatoria do XII Certame de Pintura Rápida o Ar Libre Vila de Cedeira por un total de 2.500 euros na partida 338.480.00.

TERCEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria, que se incorporan como anexo á presente resolución.

CUARTO.- Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

ANEXO

BASES: XII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA. – 30 de agosto de 2026

1ª.- Poderán participar neste certame tódolos/as artistas que o desexen. Cada participante só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno á paisaxe, e o espazo físico no que se realicen debe ser no territorio que abrangue a parroquia de Cervo (lugares de Arrasa, As Lamelas, Calvario, O Cancelo, O Carreiro, Cervetelo, Chímparra, A Corredoira, Corveiro, O Covo, Eirado, Espiñaredo, Golmar, A Graña, Ludín, Magoira, Nebril, Punta Candieira, Rabadán, Remesal, Os Salgueiros, Sobolocovo, Trasmonte, Vilar e Vilas). A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural, non poidendo utilizarse para tal fin fotografías tomadas con antelación. Os/as pintores/as deberán mandar vía whatsapp ao número 649876614 a localización do lugar onde vaian realizar a súa obra.

3ª.- O certame terá lugar o domingo 30 de agosto de 2026. As inscricións realizaranse o mesmo día do certame de 9:00 h. a 11:00 h. no posto de turismo e información situado na rúa Ezequiel López e serán gratuítas.

4ª. - Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se expoñerá a súa obra posteriormente.

5ª. - O soporte non superará as medidas de 100 x 81 cm., e presentarse o día do certame de 9:00 a 11:00 h. da mañá no posto de inscrición (punto 3) para ser selado.

6ª.- O tempo para presentar as obras rematará as 18:00 horas e realizarase no control establecido na sala Áncora na praza Roxa, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 19:00 horas. As obras participantes permanecerán en exposición na propia sala, ou no exterior en caso de que as condicións climatolóxicas o permitan, ata as 20:00 h. Os/as participantes con cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras durante o tempo de exposición asinándoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe.

7ª- O xurado que avaliará as obras está composto por profesionais das artes plásticas e/ou representantes da área de cultura do concello.



8ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Cedeira, así como os dereitos de reprodución.

9ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

- 1º. - 900€ e diploma
- 2º. - 700€ e diploma
- 3º. - 500€ e diploma
- 4 accésits de 100 € cada un.

Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do premio no Rexistro do Concello, cunha solicitude xeral e aportando un certificado dun número de conta onde figure como titular a persoa que recibiu o premio, deberán achegar tamén unha copia do seu DNI. No caso de que as/os premiadas/os sexan menores de idade, será o pai, nai ou titor legal do representante do equipo que deberá aportar o certificado de IBAN e copia do DNI.

A data límite para solicitar o pago do premio será o 15 de outubro de 2026. Transcorrido este prazo se entenderá que desisten da súa solicitude.

10ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán poñerse en contacto co número 649876614

11ª.- A participación neste certame implica a aceptación total das presentes bases.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 480/2026 DE DATA 12.08.2026 DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “REDE SEPARATIVA NA RÚA MOECHE”. FCA 2026. EXPEDIENTE 2026/C003/000009

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 480/2026 de data 12.08.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “REDE SEPARATIVA NA RÚA MOECHE”. FCA 2026

Nº Expediente: 2026/C003/000009

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.06.2026 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Rede separativa na Rúa Moeche”, por procedemento aberto simplificado abreviado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 17.06.2026 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíuse unicamente a seguinte proposición:



Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L.	26/06/2026 13:11 h

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 15 de xullo e 5 de agosto de 2026 valorou así as ofertas:

1.- Descifrado e apertura do arquivo que contén a proposición da única empresa presentada, resultando admitida, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- A oferta económica presentada é a seguinte:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	PUNTOS	Temeraria
CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L.	73.396,67	14	non

3.- A oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. é válida e non incorre en presunción de anormalidade. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

4.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Unidade técnica de contratación acorda:

- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Rede separativa en Rúa Moeche” a favor do seguinte licitador:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. CIF: B70331129
Importe:	73.396,67 € + 15.413,30 € (IVE). TOTAL: 88.809,97 €

Con data 21.07.2026 a empresa CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida.

Unha vez revisada esta documentación pola Unidade técnica de contratación do Concello, resulta correcta.

Con data 11.08.2026 emitíuse pola Intervención municipal informe favorable de fiscalización previa ao compromiso do gasto.



Atendida a necesidade de proceder sen dilacións a adxudicación do contrato aos efectos de que se inicie a execución da obra á maior brevidade posible, xa que está ao estar financiada con cargo a unha subvención da Xunta de Galicia hai que cumprir co prazo de xustificación

Atendido que por razóns de eficacia, sinaladas no parágrafo anterior, fan convinte avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adxudicación do contrato administrativo de obra de referencia no alcalde como órgano delegante.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1.- **Avocar** a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, baseado na necesidade de iniciar a execución do contrato á maior brevidade posible.

2.- **Adxudicar** o contrato de obra denominado “Rede separativa en Rúa Moeche” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. CIF: B70331129
Importe:	73.396,67 € + 15.413,30 € (IVE). TOTAL: 88.809,97 €
Prazo de execución:	2 meses

2.- **Dispor**, pola contía de 88.809,97€, o gasto que para este concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 160.629.00 do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio 2026.

3.- **Notificar** a CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO S.L., adxudicatario da obra “Rede separativa na Rúa Moeche” o presente acordo, e solicitar a súa devolución asinado dixitalmente en proba de conformidade no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba esta notificación.

4.- Recibida a Resolución de adxudicación asinada dixitalmente, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

5.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

6.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.



8.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 487/2026 DE DATA 13.08.2026 DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL. EXPEDIENTE 2025/C003/000007

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 487/2026 de data 13.08.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL

Nº Expediente: 2025/C003/000007

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.03.2026 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal”, por procedemento aberto, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 06.04.2026 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA PRESENTACIÓN
1	MERAKI CR, S.L.	05.05.2026
2	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.	05.05.2026

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 6 e 11 de maio, 6 e 21 de xullo, e 5 de agosto de 2026, valorou as ofertas da seguinte maneira:

- 1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións das empresas presentadas, resultando admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.
- 2.- Nomeamento dun comité de expertos co obxecto de valorar os factores de adxudicación non avaliados de forma automática, e remisión da documentación contida nos sobres B (referencias técnicas). A puntuación obtida é a seguinte, de acordo cos criterios contidos no Anexo IV, Fase I do PCAP:

Licitador	Plan de control de calidade (10,50)	Programa de traballo (14,00)	Programa ambiental (7,00)	Seguridade e saúde (7,00)	Total Fase 1
-----------	-------------------------------------	------------------------------	---------------------------	---------------------------	--------------



MERAKI CR, S.L.	7,00	10,93	6,77	7,00	31,70
COTO Estudios y Construcciones, S.L.	5,00	13,74	5,67	5,33	29,73

3.- A valoración das ofertas económicas presentadas son as seguintes, aplicando a fórmula contida no Anexo IV Fase II do PCAP. Puntuación específica para o presente contrato: 31,50 puntos.

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	C.II.1. puntos	Temeraria
NIF: B06909501 MERAKI CR, S.L.	469.572,26	31,5	si
NIF: B74340225 COTO Estudios y Construcciones S.L.	485.000,00	2,97	non

4.- A oferta presentada polo licitador MERAKI CR, S.L. incorre en presunción de anormalidade (art. 149 LCSP), polo que a Mesa acorda requirir a xustificación desta oferta no prazo de cinco (5) días hábiles, acompañando a documentación indicada na cláusula 15.4.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

5.- A empresa MERAKI CR, S.L. non presentou documentación xustificativa da oferta incurso en presunción de anormalidade durante o prazo establecido para o efecto, polo que resulta excluída da presente licitación.

6.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV, Fase II do PCAP, de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	Plantilla	Nº fixos	% fixos	Criterio C.II.2.1. Puntos
COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.	19	19	100%	15

Licitador	Nº fixos	Nº mulleres	% mulleres	Criterio C.II.2.2. Puntos
COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.	19	2	10,53%	1,58

7.- A puntuación total obtida, de acordo cos criterios contidos no Anexo IV, Fases I e II do PCAP é a seguinte:

Licitador	Fase I puntuación	C.II.1. Oferta económica	C.II.2.1. Persoal fixo	C.II.2.2. Mulleres contrato fixo	Total
-----------	-------------------	--------------------------	------------------------	----------------------------------	-------



COTO ESTUDIOS YCONSTRUCCIONES, S.L.	29,73	2,97	15,00	1,58	49,28
-------------------------------------	-------	------	-------	------	-------

8.- A oferta presentada pola empresa COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L. é válida e correcta. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

9.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal de Cedeira” a favor do seguinte licitador:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L. CIF B74340225
Importe:	485.000,00 € + 101.850,00 € (IVE). TOTAL: 586.850,00 €

Con data 29.07.2026 a empresa COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida. Presentou así mesmo a xustificación da constitución da garantía definitiva por importe de 24.250,00 € mediante o aval núm. 10001321136 da entidade do Banco de Sabadell, S.A. de data 22.07.2026.

Unha vez revisada esta documentación pola Mesa de contratación na súa reunión de data 05.08.2026, resulta correcta.

Con data 12.08.2026 emitíuse pola Intervención municipal informe favorable de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Atendida a necesidade de proceder sen dilacións a adxudicación do contrato aos efectos de que se inicie a execución da obra á maior brevidade posible, xa que está ao estar financiada con cargo a unha subvención da Xunta de Galicia hai que cumprir co prazo de xustificación.

Atendido que por razóns de eficacia, sinaladas no parágrafo anterior, fan convinte avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adxudicación do contrato administrativo de obra de referencia no alcalde como órgano delegante.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1.- **Avocar** a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, baseado na necesidade de iniciar a execución do contrato á maior brevidade posible.



2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal de Cedeira” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L. CIF B74340225
Importe:	485.000,00 € + 101.850,00 € (IVE). TOTAL: 586.850,00 €
Prazo de execución:	7 meses

3.- Dispor, pola contía de 586.850,00 €, o gasto que para este concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 341.63200 do estado de gastos do orzamento municipal do 2026.

4.- Notificar a COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES, S.L., adxudicatario da obra “Ampliación e reforma da piscina municipal de Cedeira” o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba esta notificación.

5.- Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

6.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

7.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

9.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

10. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:54 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

Firmado por NEDAL
PABLO SHEHADEH REY
***9432** el día 01/09/2026 con un
Firmado por PRESIDENTE
PABLO SHEHADEH REY
***2315** el día 01/09/2026 con un
Firmado por SECRETARIO
NEDAL PABLO SHEHADEH REY
***2200** el día 01/09/2026 con un
Firmado por DIEGO MOREDA GIL
***2200** el día 01/09/2026 con un

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.